



# MEMORIA ANUAL 2022

## ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA



OFICINA DE I+D

Universidade de Vigo

[uvigo.gal/oficina-id](http://uvigo.gal/oficina-id)

# Índice

Presentación .....	1
1. Introducción.....	3
2. Indicadores de actividades de transferencia .....	4
2.1 Actividade contratada.....	4
2.2 Protección, valorización e explotación de resultados.....	4
2.3 Recursos captados para transferencia.....	6
2.3.1 Programa IGNICIA 2021 .....	6
2.3.2 Proxectos de «Proba de Concepto» 2022.....	6
2.3.3 Programa Fábrica Intelixente e Sostible .....	8
2.3.4 Proxectos en colaboración público-privada (Ministerio 2021) .....	8
2.3.5 Convocatoria Grupos operativos – FEADER-AGACAL.....	8
2.3.6 InnovaPeme 2022 (GAIN) .....	9
2.3.7 Axudas para investimentos en eco-innovación e dixitalización da industria forestal-madeira (Axencia Galega da Industria Forestal) .....	9
3. Organización de xornadas e eventos.....	10
4. Participación en xornadas e feiras.....	12
5. Participación en proxectos.....	13
6. Elaboración de catálogos sectoriais .....	14
7. Interacción con el ecosistema.....	15
8. Participación en Redes/Asociacións Profesionais .....	16
9. Miscelánea.....	17
10. Exemplos de casos de éxito.....	18

## *Presentación*

Me complace presentar a Memoria de Actividades de Transferencia do ano 2022 da Oficina de I+D da Universidade de Vigo. Durante o último período, cabe salientar un crecemento significativo na nosa labor de transferencia de coñecemento e tecnoloxía, traballando incansablemente para achegar o froito da investigación á sociedade que nos rodea.

Me gustaría destacar unha serie de logros notables que fortaleceron o noso compromiso coa innovación, o emprendemento e a colaboración tanto a nivel rexional como nacional e internacional.

Un dos piares fundamentais do noso éxito radica no elevado número de actividades contratadas, onde temos establecido sólidas alianzas con diversos actores da industria e o sector público. A confianza depositada na nosa Oficina de I+D para desenvolver proxectos conxuntos é un claro reflexo do recoñecemento á calidade e relevancia das nosas investigacións.

Tamén queremos enfatizar a nosa dedicación á protección, valorización e explotación dos resultados da investigación, mostrando na memoria algúns casos de éxito. A nosa universidade adoptou unha política proactiva para asegurar que as innovacións e desenvolvementos tecnolóxicos xerados sexan debidamente protexidos e poidan ser aproveitados pola sociedade no seu conxunto.

A promoción de proxectos de transferencia e programas en colaboración público-privada foi outro pilar esencial no noso facer, facilitando o traspaso efectivo de coñecementos entre o mundo académico e o sector empresarial, catalizando así o desenvolvemento económico e social da nosa rexión, en sectores relevantes para a nosa economía como o da automoción, naval, aeroespacial, alimentación, etc.

Ademais, a nosa oficina enorgullece de ter liderado a organización de diversas xornadas e eventos enfocados na transferencia de coñecemento. Estes espazos de encontro foron fundamentais para o intercambio de ideas e experiencias, así como para fomentar a colaboración entre investigadores, empresas e institucións.

Por último, non podemos deixar de mencionar a nosa participación activa en xornadas, feiras e proxectos de relevancia tanto a nivel nacional como internacional. Estas nos permitiron proxectar o impacto da nosa universidade máis alá das nosas fronteiras e establecer redes de traballo con aliados estratéxicos de diferentes países e culturas. A realización dunha serie de catálogos promocionais nos diversos ámbitos de traballo da universidade: Ciencias Sociais , Humanidades, TIC e Biotecnoloxía permitirán tamén dar a coñecer de un modo visual moi atractivo as capacidades e a diversidade dos nosos grupos e centros de investigación.

En resumo, esta memoria de actividades de transferencia da oficina de I+D reflicte o compromiso inquebrantable da nosa universidade cun dos piares básicos da universidade, a transferencia do coñecemento, a tecnoloxía e a innovación ó servicio da sociedade. Agradezo profundamente o apoio e a colaboración de todo o persoal da oficina involucrado, así como do persoal investigador e esperamos seguir traballando xuntos para impulsar o progreso e o benestar na nosa comunidade e na sociedade.

Belén Rubio

Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

## 1. *Introdución*

A Uvigo ten como obxectivo potenciar a utilización do coñecemento científico-tecnolóxico, humanístico e social na nosa contorna socioeconómica, fomentando as relacións cos distintos axentes do sistema de innovación, interactuando coas empresas e centros de investigación, propiciando a explotación dos resultados, consolidando iniciativas emprendedoras baseadas na I+D e contribuíndo á xeración de riqueza e benestar. Para desenvolver esta misión conta coa Oficina de I+D ([uvigo.gal/oficina-id](http://uvigo.gal/oficina-id)).

En liñas xerais, as funcións que se levan a cabo son:

- Promoción das relacións coa contorna produtiva para actividades de I+D+i.
- Apoio na preparación de propostas en convocatorias de proxectos colaborativos de I+D+i, así como en iniciativas de “innovación aberta”.
- Asesoramento e elaboración de contratos de I+D+i.
- Valorización e Transferencia de Resultados de Investigación.
- Protección e xestión de dereitos de propiedade industrial/intelectual (IPR).
- Preparación de acordos de explotación e transferencia de resultados de I+D+i: acordos de licenza, acordos de transferencia de material, acordos de confidencialidade, entre outros.
- Axuda na preparación de propostas para programas de maduración de resultados ou proba de concepto. Acompañamento e xestión durante toda a vida do proxecto.
- Asesoramento e acompañamento nas iniciativas de spin-off xurdidas dos resultados de I+D. Xestión dos procedementos de autorización e participación da universidade. Elaboración dos pactos de socios e acordo de transferencia.
- Actuacións de promoción das capacidades de I+D+i, mercadotecnia e comercialización de resultados. Asistencia a eventos, feiras, xornadas sectoriais en representación da universidade.
- Estructuración da oferta de capacidades de I+D+i. Encontros con grupos de I+D+i. Elaboración de catálogos de oferta de I+D+i e de material promocional.

## 2. Indicadores de actividades de transferencia

### 2.1 Actividade contratada

No ano 2022 asináronse un total de **100** contratos, **546** informes e **11** cursos por un importe de 5.485.115,84 €. O número de contratos vixentes nalgún momento do 2022 na Universidade foi de **861** por un importe de 11.045.125,29 euros.

#### ASINADOS




<i>ASINADOS</i>	<i>Número</i>	<i>Importe</i>
<i>Contratos</i>	100	4.021.799,74 €
<i>Informes</i>	546	1.392.714,10 €
<i>Cursos</i>	11	70.602 €
<b>TOTAL</b>	<b>657</b>	<b>5.485.115,84 €</b>

<i>VIXENTES durante 2022</i>	<i>Número</i>	<i>Importe</i>
<i>Contratos</i>	172	9.163.611,13 €
<i>Informes</i>	677	1.776.474,54 €
<i>Cursos</i>	12	105.039,62 €
<b>TOTAL</b>	<b>861</b>	<b>11.045.125,29 €</b>

### 2.2 Protección, valorización e explotación de resultados

No ano 2022 xestionáronse **19** declaracións de invención, tramitáronse **18** solicitudes de patente, 10 delas de carácter internacional, e inscribíronse **6** novos rexistros de propiedade intelectual.

En canto ao apoio na creación de spin-off baseadas na I+D, neste curso titorizáronse **4** iniciativas de proxectos empresariais e púxose en marcha **1** empresa (**SPARC**), unha iniciativa de produción de semicondutores fotónicos.



Dentro da actividade cotiá de apoio á transferencia de coñecemento, asináronse **3** contratos de licenza, baseados nunha patente, nun software e nunha obra audiovisual, e un total de 8 acordos de confidencialidade e 1 de transferencia de material (MTA).


<i>Declaracións de invención</i>	19
<i>Solicitudes de patente</i>	18
<i>patentes prioritarias</i>	8
<i>extensiones internacionais</i>	10
<i>Patentes concedidas</i>	8
<i>Rexistros de software</i>	4
<i>Rexistros audiovisuais</i>	1
<i>Spin-off creadas</i>	1
<i>Acordos de transferencia</i>	
<i>de licenza</i>	3
<i>de confidencialidade</i>	8
<i>de transferencia de material</i>	1

## 2.3 Recursos captados para transferencia

### 2.3.1 Programa IGNICIA 2021



No marco da convocatoria «Ignicia 2021» da Axencia Galega de Innovación (GAIN) recibiron financiación **2** proxectos da UVigo aos que se lles prestou apoio e asesoramento desde a Oficina de I+D ao longo de todo o seu proceso de desenvolvemento. Son os proxectos Celia, que recibiu un importe de **388.000 €**, e Surficorn, que obtivo un total de **358.000 €**.



### 2.3.2 Proxectos de «Proba de Concepto» 2022

No marco da convocatoria «Proba de concepto» do Ministerio de Ciencia e Innovación concedéronse **9** das 17 solicitudes presentadas, captando un total de **1.089.970 €**.



Os 9 proxectos concedidos son:

- **BIG PRODIXIOS:** Escalado e valorización do proceso desenvolvido dentro do proxecto PRODIXOS para a xeración encimática de XOS a partir de palla de trigo para aplicacións alimentarias. Importe concedido: **146.395 €**.
- **EDGE-LiDAR:** Software multi-capa para o procesamento online de datos LiDAR enfocado á monitorización do transporte. Importe concedido: **126.500 €**.
- **FESARBI:** Evolución de prototipo de filtro electrostático autorrexenerativo para a súa integración en caldeiras domésticas de biomasa. Importe concedido: **115.000 €**.
- **HH-Structures:** Ferramenta para vixilancia de saúde de estruturas históricas a partir de datos experimentais non destrutivos e calibración de modelos numéricos para análise estrutural. Importe concedido: **138.000 €**.



- **ProofAgroSurf:** Proba de concepto para validar os usos potenciais de biosurfactantes obtidos de licores de lavado de millo como biopesticida e conservante na industria agroalimentaria. Importe concedido: **143.750 €**.
- **ScalingBIOLLETS:** Escalando un novo ecoherbicida baseado en biomasa alelopática. Producción piloto e demostración nun entorno operativo. Importe concedido: **120.750 €**.
- **SIGNASALUD:** Desenvolvemento dunha aplicación de tradución de lingua de signos en contornas de saúde. Importe concedido: **140.300 €**.
- **SMARTMON:** Desenvolvemento de dispositivos intelixentes de modelado e optimización enerxética de edificios. Importe concedido: **138.000 €**.
- **DOI PET SPECT:** Desenvolvemento baseado en detectores de escintilación en configuración *phoswich* (subproxecto dun proxecto coordinado pola USC). Importe concedido: **21.275 €**.

Por outra banda, durante este curso tamén se traballou man a man, co persoal investigador, na procura dos itinerarios de transferencia dos **8** proxectos concedidos na convocatoria de 2021, ben creando spin-offs ou ben licenciando a tecnoloxía. Son os proxectos: O3-Integap, Hibritec+, NanoInRe, PolyDeepAdvance, VAIMos, Realsat, FLATCity-Urban e DEBATrue, que recibiron un financiamento total de **681.269,20 €**.



### 2.3.3 Programa Fábrica Intelixente e Sostible

A UVigo participou no proxecto Facendo 4.0, promovido por un consorcio liderado por Stellantis, ao abeiro da convocatoria de axudas do programa «Fábrica do futuro, fábrica intelixente e sostible da industria 4.0» da Xunta de Galicia. O proxecto, que conta cun orzamento total de 22,3 millóns de euros, dos cales 12,2 millóns proceden dunha axuda pública da GAIN, pechou esta segunda anualidade con 117 accións realizadas e 18,8 millóns de euros investidos en novas solucións tecnolóxicas para a fábrica do futuro, o vehículo do futuro e a conectividade.



### 2.3.4 Proxectos en colaboración público-privada (Ministerio 2021)

Fomentouse a cooperación entre o persoal investigador da Uvigo e as entidades privadas para participar na convocatoria de colaboración público-privada financiada polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Esta convocatoria ten por obxecto o apoio a proxectos entre empresas e organismos de investigación, co fin de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a aplicación empresarial de novas ideas e técnicas, e contribuír á creación de novos produtos e servizos.

- Solicitados: 3
- Concedidos: 3
- Fondos captados: 820.500 €



### 2.3.5 Convocatoria Grupos operativos – FEADER-AGACAL

Facilitouse o apoio na solicitude das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia.

- Solicitados: 10
- Concedidos: 5
- Fondos captados: 232.988 €



### 2.3.6 InnovaPeme 2022 (GAIN)

Promoveuse a participación da UVigo nas axudas InnovaPeme, destinadas ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lle permitan as pemes sistematizar os procesos de innovación da empresa e estean aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

- Concedidos: 4



**InnovaPEME**

### 2.3.7 Axudas para investimentos en eco-innovación e dixitalización da industria forestal-madeira (Axencia Galega da Industria Forestal)

Dinamizouse a participación do persoal da Uvigo na solicitude de axudas que fomenten a modernización e a dixitalización do sector forestal-madeira así como impulsar o eco-deseño e a economía circular. Estas axudas están dirixidas a pequenas e medianas empresas da industria forestal-madeira radicadas en Galicia que realicen aproveitamentos forestais.

- Concedidos: 1



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



### 3. Organización de xornadas e eventos

#### - *Programa de dinamización de resultados de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades*

A Oficina de I+D organizou un programa de dinamización co obxectivo de apoiar e acompañar ao noso persoal investigador das áreas sociais e humanísticas no proceso de definición e valorización das súas capacidades e resultados de investigación para achegalos ao mercado.



O programa, que consistiu en dúas xornadas presenciais, celebradas en Ourense e Pontevedra os días 7 e 20 de xullo respectivamente, e nun acompañamento personalizado, permitiu aos grupos de investigación coñecer os itinerarios de transferencia e as ferramentas de apoio á explotación do coñecemento no seu ámbito e deseñar unha oferta comercial de I+D+i. Ligazón ao [programa](#) e [noticia no DUVI](#).



#### - *Xornada de transferencia acuBam – UVigo*

A Universidade de Vigo e a Asociación de cultivos do Baixo Miño, acuBam, organizaron unha Xornada de transferencia, co obxectivo de buscar sinerxías entre as empresas do sector agro desta comarca cos grupos de investigación da UVigo.



A xornada, que se celebrou o 1 de abril, consistiu nunha visita a Flores Toxal, na Guarda, e ao Viveiro Río Tollo, en Goián, e nunha sesión de traballo que tivo lugar en Tomiño, na que as empresas desta asociación deron a coñecer as súas demandas e necesidades reais e o persoal científico da UVigo presentou as súas liñas de investigación de interese común buscando posibles vías de colaboración. Ligazón á [noticia](#).



- *Presentación da convocatoria estatal de «Proba de Concepto»*

O persoal da Oficina de I+D organizou e impartiu a “Presentación da convocatoria de proxectos de Proba de Concepto do Ministerio”. Esta xornada celebrouse en liña, a través do Campus Remoto, o día 20 de maio e estaba dirixida ao persoal docente e investigador (PDI) da Uvigo. Na presentación destacouuse a necesidade do fortalecemento científico e tecnolóxico do Sistema de I+D+i mediante o financiamento de proxectos que impulsen a investigación científico-técnica e a súa transferencia.

- *Pasarela tecnolóxica organizada pola Incubadora High Tech Auto*

A Oficina de I+D participou na “Presentación das capacidades da UVIGO na incubadora High Tech Auto”. Esta xornada celebrouse en presencial no Consorcio da Zona Franca Vigo – Bouzas o día 17 marzo. A actividade dirixiuse aos participantes na incubadora para que contaran de primeira man como é emprender con HTA así como mostrar como desde a universidade se apoian as iniciativas emprendedoras.



## 4. Participación en xornadas e feiras

### - *Foro Transfiere*



A Universidade de Vigo participou no *Foro Transfiere 2022*, o principal encontro de I+D+i no sur de Europa, que tivo lugar en Málaga os días 16 e 17 de febreiro. Os técnicos da Oficina de I+D que asistiron a este evento estiveron presentes nun espazo conxunto coordinado pola Axencia Galega de Innovación para todos os axentes do sistema galego de I+D+i, participando tamén en xornadas e conferencias relacionadas co mundo da innovación e a transferencia.

### - *Navalia*



A Universidade de Vigo estivo presente na *Feira Internacional da Construción Naval*, Navalia, que se celebrou en Vigo entre os días 24 e 26 de maio. Ademais dun posto propio no que estiveron implicados o Campus do Mar, o Vigo Tecnolóxico e os centros de investigación Cintex, CIM e AtlanTTic, a universidade estivo presente no *stand* da empresa Navantia.

### - *Galicia BioDays*



A UVigo asistiu a este Foro de referencia da industria biotecnolóxica e das ciencias da vida que tivo lugar na Coruña os días 22 e 23 de setembro, e que serviu de encontro para establecer novos contactos e sinerxías con profesionais do sector.



### - *Patents for Innovation (P4i)*



A nosa universidade participou na primeira edición deste foro de innovación tecnolóxica e feira de patentes que tivo lugar en Madrid os días 26 e 27 de outubro, e que consistiu nun espazo de transferencia de resultados de investigación e de compra-venda de patentes científicas.



### - *SedExpo*



A Oficina de I+D estivo presente na Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias SEDEXPO que tivo lugar os días 17, 18 e 19 de novembro en Silleda. Os técnicos da UVigo compartiron espazo coa UDC no *stand* da empresa Navantia, onde se presentaron os proxectos que a nosa universidade está a desenvolver coa empresa e se promocionou a oferta de I+D nestes tres sectores.

## 5. Participación en proxectos

### - *Proxecto Sherpa do Mar*



A Oficina de I+D estivo integrada no consorcio do proxecto INTERREG - POCTEP Sherpa do Mar (<https://www.sherpadomar.com/>), coordinado pola Universidade de Vigo, e que, despois de tres anos, pecha este curso co lanzamento de 12 *start-ups* que achegan solucións innovadoras ás necesidades actuais do sector mariño-marítimo da Eurorrexión. A Oficina participou na mentorización e tutorización da iniciativa "NorthWind - Sailing for Science" no marco deste proxecto.

### - *Proxecto HEI4Future*



A Universidade de Vigo lidera o proxecto europeo HEI4Future (<https://www.hei4future.eu/>), financiado con 1,2 millóns de euros polo Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT), que busca abordar as necesidades da educación superior nos campos da mobilidade, saúde e nutrición e fabricación. A Oficina de I+D participa en varios paquetes de traballo, nos que se inclúe o catálogo sectorial de Ciencias Sociais da Uvigo así como a organización de cursos de formación para o persoal administrativo e investigador en transferencia de coñecemento e emprendemento.

### - *Proxecto EDIH DATAlife*



O proxecto EDIH DATAlife (<https://www.dihdatalife.com/>) conseguiu o selo de excelencia e converteuse no único Hub de Innovación Dixital galego que conseguiu apoio económico da Comisión Europea. Conta coa implicación da UVigo e o centro de investigaciónatlanTTic e ten como misión facilitar a incorporación da intelixencia artificial e a analítica de datos nas pemes galegas dos sectores primario, biotecnolóxico e da saúde. O proxecto botará a andar a comezos do 2023 e terá unha duración de tres anos. A Oficina de I+D participa en varios paquetes de traballo.

### - *Proxecto INNOVATIA 8.3*




A nosa Universidade adheriuse ao estudo de xénero realizado dentro do Proxecto Innovatia 8.3 (<https://innovatia83.es/>), que persegue introducir a perspectiva de xénero nos procesos de transferencia de coñecemento a través das OTRIs e na creación de spin offs desde as universidades españolas. A Oficina de I+D colaborou coa Unidade de Análises e Programas coordinando de xeito conxunto a participación neste proxecto.

## 6. Elaboración de catálogos sectoriais

A Oficina de I+D elaborou ó longo deste curso catro catálogos sectoriais da oferta de capacidades de I+D+i dos grupos de investigación da universidade correspondentes aos sectores de **Bioteecnoloxía**, **TIC**, **Ciencias Sociais** e **Humanidades**. Estes catálogos atópanse dispoñibles en tres idiomas (castelán, inglés e galego) no apartado de “Transferencia do coñecemento > Oferta de innovación” da páxina web da Universidade, ao cal se pode acceder a través da seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/investigar/transferencia-conecemento/oferta-innovacion>.



Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Investigación  
Oficina de I+D

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Investigación  
Oficina de I+D

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Investigación  
Oficina de I+D

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Investigación  
Oficina de I+D



## 7. Interacción con el ecosistema

A Universidade de Vigo continuou mantendo durante o ano 2022 una interacción dinámica e proactiva cos diversos axentes do ecosistema de innovación. Dende as relacións institucionais coas administracións e o goberno, ata a participación nos clústeres empresariais, hubs dixitais, programas de aceleración, xunto coas alianzas cos centros de investigación, universidades e centros tecnolóxicos, os acordos co sector socioeconómico e industrial e as avinzas con inversores e o capital privado, a Universidade de Vigo actúa como tractor de iniciativas innovadoras dinamizando recursos de alto valor engadido.



## 8. Participación en Redes/Asociaciones Profesionais

### - *Redtransfer*

Asociación constituída en 2013, coa misión de fortalecer o impacto da investigación na sociedade e na economía a través da profesionalización e a promoción do Intercambio e a Transferencia de Coñecemento (ITC) e xestión da innovación (<https://www.redtransfer.org/>). Participa en diversos proxectos/actividades de transferencia, ademais de contar cun plan de formación propio.



Como membros desta asociación, o persoal da Oficina de I+D asistiu os días 5 e 6 de maio en Girona ao Encontro de Profesionais de Transferencia e Xestión do Coñecemento, focalizado nas “Claves e estratexias ante un novo escenario en Propiedade Industrial”.

### - *RedOTRI*

Rede de Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación das universidades españolas cuxa misión é "promover e difundir o papel das universidades como elementos esenciais dentro do sistema nacional de innovación" (<http://www.redotriuniversidades.net/>).



Ademais de ser parte da comisión permanente desta rede, a Oficina de I+D participou novamente nas Xornadas Técnicas de RedOTRI 2022, que se celebraron de forma *online* do 14 ao 16 de xuño. Nelas abordáronse temas da actualidade e de gran interese para as OTRIs como a Reforma da Lei da Ciencia, os PERTE ou a certificación I+D+i.

### - *ASTP (Association of European SciTech Transfer Professionals)*

Organización europea sen ánimo de lucro comprometida coa transferencia de coñecemento entre as universidades e a industria. Fundada en 2000 co obxectivo de proporcionar formación e práctica de calidade que apoiem os intereses especiais dos membros, defender a profesión no escenario internacional e permitir a creación de redes profesionais (<https://www.astp4kt.eu/>). Conta cun plan de formación e unha conferencia anual. A Oficina de I+D é membro asociado de ASTP, a principal asociación europea de profesionais de transferencia de coñecemento, o que a converte nun profesional acreditado a nivel internacional en transferencia.



## 9. Miscelánea

A continuación lístanse outras actividades levadas a cabo polo persoal da Oficina de I+D.

### 9.1 Formación impartida

- Sesión sobre o Sistema de Innovación impartida no Máster de Biotecnoloxía Avanzada da Universidade de Vigo (Vigo, 17 de xaneiro).
- Curso RedTRansfer de “Contratos, convenios e outros acordos de I+D” (en liña, 22 de febreiro).
- Participación no programa de “Capacitación en gestión de proxectos de investigación e innovación” do Goberno de Perú, coa sesión “Xestión de proxectos de transferencia de tecnoloxía e innovación” (en liña, 7 de marzo).
- Formación a demanda sobre os tipos de acordos de I+D+i para a Universidade de León (en liña, 3 sesións entre maio e xuño).
- Curso RedTRansfer de Valorización de resultados de I+D+i (en liña, 20 de xuño).

### 9.2 Formación recibida

- Metodoloxía de avaliación preliminar de resultados de I+D, GAIN (en liña, marzo e abril).
- Comercialización de software e *know-how* dixital, GAIN (en liña, 1 de abril).
- Estancias formativas Oxentia, GAIN (Oxford, do 26 o 30 de setembro e do 17 o 21 de outubro).



### 9.3 Participación noutras actividades

- Elaboración do Boletín mensual Empresa – Universidade no que se inclúen noticias, convocatorias e eventos de interese para as empresas colaboradoras.
- Participación na Xornada de traballo entre os servizos de xestión da investigación das Universidades Galegas (Campus Universitario, Vigo, 3-4 de novembro).
- Xurado nos Premios Incuvi (Vigo, 20 de xaneiro).
- Xurado nos Premios Emprendedor XXI (Santiago de Compostela, 24 de marzo).



## 10. Exemplos de casos de éxito

### *AIDFORK – Transferencia dun kit de análise forense de contidos multimedia*



AidFork (<https://aidfork.uvigo.es/>) é unha ferramenta de análise forense de contidos multimedia (imaxes ou vídeos) que permite identificar o dispositivo concreto que tomou unha imaxe ou vídeo, determinar o instante de captura dunha secuencia de vídeo a través da análise de perturbacións na iluminación e detectar automaticamente manipulacións en contidos multimedia.

Esta ferramenta foi desenvolvida por investigadores da Universidade de Vigo e grazas á convocatoria «IGNICIA – Proba de Concepto», a través da cal recibiu unha financiación de 336.060€, conseguiu chegar ó mercado e actualmente está sendo utilizada por multinacionais líderes no sector. AidFork iniciou a súa andadura no 2018, avalada por máis de 25 anos de investigación neste campo. Actualmente, aínda que xa finalizou a etapa de proba de concepto, continúa co seu proceso de comercialización e expansión internacional.

### *ALEN SPACE – Creación dunha Spin-Off que presta servicios a medida para negocios no espazo*



ALÉN SPACE (<https://alen.space/>) é unha *Spin-Off* da Universidade de Vigo dedicada ao sector do *new space*, centrada no deseño, fabricación e operación de pequenos satélites para a aplicación en diferentes sectores e ofrece solucións chave en man para o desenvolvemento de negocios no espazo.

A iniciativa xurdiu dun grupo de profesores e alumnos da UVIGO que lanzou no 2012 o satélite Xatcobeo, o primeiro nanosatélite español da historia. Dende entón, viñeron desenvolvendo numerosos proxectos nos que colaboraron coas axencias e institucións espaciais máis exixentes. O nacemento da compañía foi financiado e apoiado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) a través del Programa Ignicia, e acelerado por ViaGalicia. No 2019, a empresa conseguiu a inversión dun millón de euros de *BeAble Capital*, fondo líder en transferencia tecnolóxica en España, e do Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI).

## *CIBDA DE ARMEA – 10 anos de Historia sobre o Patrimonio Cultural como motor de Desenvolvemento Rural*



*Cibdá de Armea* é unha intervención arqueolóxica levada a cabo polo Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT) da Universidade de Vigo en colaboración co Concello de Allariz (Ourense) no xacemento arqueolóxico de Armea.

A colaboración iniciouse no 2011 e desde entón supuxo a posta en valor dun xacemento castrense practicamente esquecido (primeiras escavacións en 1950) e permitiu o afloramento dunha *Cibdá* Romana de gran importancia a nivel de Galicia e a revalorización dun entorno histórico con gran impacto cultural e económico para o Concello de Allariz e a súa contorna.

# OFICINA DE I+D

Edificio Filomena Dato  
Campus Lagoas Marcsoende  
36310 Vigo

[otri@uvigo.gal](mailto:otri@uvigo.gal)

+34 986 812 236

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH